

CONSTRUCCIÓN DA IDENTIDADE NA BRETAÑA DE HOXE

Ronan Le Coadic
Université Rennes 2

DOI: [10.17075/gboc.2020.009](https://doi.org/10.17075/gboc.2020.009)

A identidade non se refire a unha realidade tanxible, dotada de substancia, senón a un constructo mental. Con todo, si ten o seu fundamento en elementos concretos e obxectivos, os cales, como escribiu o sociólogo Erving Goffman, son unha serie de «signos patentes» que desempeñan o papel de «soportes de identidade» (como unha lingua, unha historia, un territorio e uns costumes). O que importa, non obstante, non son tanto eses elementos concretos en si mesmos como o proceso mediante o cal algúns deles son seleccionados e destacados, o sentido e o valor que se lles atribúen, o relato que se constrúe arredor deles... A identidade é, para empregarmos o termo do filósofo Paul Ricoeur, unha «ficción narrativa», que crea unha cohesión e unha continuidade humanas a partir de elementos concretos que só adquiren sentido grazas a ela; que se constrúe na relación co Outro, se atopa imbuída de vínculos de dominio e estigmatización e nunca está acabada nin é definitiva.

No texto que vai a seguir, proponho tratar as concepcións da identidade que prevalecen, ou semellan prevalecer, no seo da poboación bretoa na actualidade (no transcurso dos anos que van da fin do século XX ao comezo do XXI), poñéndolas en relación coas nocións de alteridade e integración, que van intimamente ligadas a ela.

Abordaremos, en primeiro lugar, algunhas características do contexto en que se constrúe a identidade —o que denomino «situación minoritaria»—; a continuación analizaremos as representacións da alteridade que poden atoparse na Bretaña e, finalmente, estudaremos os fragmentarios datos de que dispoñemos a propósito das modalidades de integración na sociedade bretoa de persoas que non son orixinarias desas terras.

I. QUE SITUACIÓN MINORITARIA?

A Bretaña é francesa desde hai varios séculos; en efecto, foi conquistada militarmente en 1491 e anexionada mediante un edicto do rei de Francia en 1532, para despois perder toda a súa autonomía en 1789¹. Desde entón, as súas relativas especificidades só poden comprenderse á luz da tradición francesa.

¹ Cf. Cornette (2005a e 2005b), Monnier e Cassard (2012).

A. Tradición francesa

O que denomino aquí «tradición francesa» refírese á vez á teoría política e xurídica e a unha práctica multiseccular.

1. Teoría

Se para Rousseau o «contrato social» se constituía entre o corpo do pobo e os individuos, para dar lugar así á «vontade xeral», que garantía a liberdade de todos, en Francia, a partir da Revolución, xa non é o pobo o que se considera soberano, senón «a Nación». Esta —que «existe antes de todo [e] se acha no comezo de todo»²— delega a súa soberanía nos órganos de goberno e, deste modo, crea o Estado. Tal desprazamento do «pobo» á «Nación» é calquera cousa menos anódino, xa que lle outorga subrepticamente unha dimensión francesa «case étnica» á soberanía³, pois, en efecto, a nación francesa ciméntase na comunión arredor da súa cultura e a súa lingua⁴.

Ora ben: de maneira simultánea, a República Francesa proclámase universal. Por unha banda, rexeita, no nome da igualdade, toda distinción entre os seus cidadáns; pola outra, postula, desde as súas orixes, a súa «unidade e indivisibilidade» e, finalmente, os seus representantes e defensores afirman durante séculos que ten unha misión civilizadora que exercer, en beneficio do planeta enteiro: así, sen Francia, escribe Michelet, «a Terra entraría na Idade de Xeo»⁵. Deste xeito, a República Francesa quérese á vez «particular» (pola súa dimensión lingüística, cultural e «case étnica») e universal, o que resulta paradoxal, xa que se corre o risco de que o seu universalismo sexa, de feito, «o reflexo dunha cultura hexemónica»⁶.

2. Práctica

Historicamente, os dirixentes republicanos franceses, que de bo grado se consideraban portadores da chama da civilización fronte ao escurantismo e o salvaxismo, puxeron en marcha dúas políticas públicas de tratamento da alteridade segundo os lugares e as circunstancias. Nas colonias de ultramar, oscilaron entre a asimi-

² Sieyès (2009).

³ Nicolet (1995: 16).

⁴ Cf. Barère de Vieuzac (1794).

⁵ Michelet (1946: 246).

⁶ Taylor (1999: 63).

lación, que levaba os «indíxenas» a «ter que se perder para poderen existir»⁷, e unha política discriminatoria que lindaba co «racismo de Estado»⁸; no territorio metropolitano, pola súa banda, se a política discriminatoria por veces se ampliou —sobre todo con respecto aos «indíxenas» de Alxeria⁹—, o que se puxo en práctica coas minorías nacionais foi, en cambio, a asimilación¹⁰.

Esta asimilación consistiu, por unha parte, en combater as linguas minoritarias excluíndoas do espazo público; non se trataba unicamente de aprenderlle o francés á poboación —abondaría co bilingüismo—, senón de facer desaparecer as «falas rivais»^{11, 12}. Por outra parte, borrouse deliberadamente a historia das minorías¹³, en aplicación dunha política pública de construción nacional, teorizada en particular por Ernest Renan, segundo quen «o esquecemento, e [el] diría mesmo o erro histórico, constitúe un factor esencial da creación dunha nación»¹⁴. Por último, a ideoloxía a teor da cal a lingua e a cultura francesas son supostamente «universais» levou a asociar o «particularismo» coas minorías nacionais (denominadas «provincias» e, máis adiante, «rexións»), a folclorizalas, a xulgalas incapaces de se xestionaren e mesmo a negarse, ata hoxe en día, a recoñecelas. En efecto, Francia non recoñece minoría ningunha.

Por ese motivo as autoridades estatais sitúan Francia deliberadamente á marxe do dereito internacional de protección das minorías, dereito que, segundo elas, «non procede aplicar no que toca á República». Tamén expresaron reservas a pro-

⁷ B. Stora en Dalle (2015: 253).

⁸ Le Cour Grandmaison (2009).

⁹ *Ibíd.*, 152-164.

¹⁰ Seguindo a Will Kymlicka, entendo por minorías nacionais «os grupos que constitúen sociedades completas e funcionais situadas na súa terra de orixe antes de seren integradas (*incorporated*) a un Estado máis importante». Will Kymlicka (2000): «Les droits des minorités et le multiculturalisme : l'évolution du débat anglo-américain», en Will Kymlicka / Sylvie Mesure (dirs.), *Comprendre les identités culturelles*, Paris, Presses universitaires de France, 144.

¹¹ De Monzie (1925).

¹² Os principios fundadores desta política pública sentáronse durante o Terror, cando «a lingua máis fermosa de Europa» se contrapuxo ás «xergas bárbaras» e outros «idiomas groseiros» (Barère de Vieuzac 1974), pero non se puxo en marcha eficazmente ata finais do século XIX.

¹³ Eugen Weber presenta o exemplo dun mestre de Lot para quen a historia local debía ser abolida ou disolta na da nación: «[F]acía o que coidaba que era o seu traballo. De feito, el e os seus colegas fixeron o seu traballo tan a conciencia que ata hai pouco apenas se sospeitaba que existise outra historia, outra realidade» (Weber 1983: 171).

¹⁴ Renan (1992: 42-43).

pósito do artigo 27 do Pacto internacional de dereitos civís e políticos¹⁵, do artigo 30 da Convención internacional sobre os dereitos do neno¹⁶, da Declaración sobre os dereitos das persoas pertencentes a minorías nacionais ou étnicas, relixiosas e lingüísticas e do artigo 2, parágrafo 2, do Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais¹⁷. De feito, en Francia non se recoñece ningún pobo máis que o francés; por iso o Consello Constitucional censurou en 1991 «a mención feita polo lexislador ao “pobo corso, compoñente do francés”» e se levantou tamén, en 1999, contra a ratificación da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias, xa que «lles confire [...] dereitos específicos a “grupos” de falantes de linguas rexionais ou minoritarias, no interior duns “territorios” nos que se practican esas linguas[, e, así,] atenta contra os principios de indivisibilidade da República, de igualdade ante a lei e de unicidade do pobo francés»¹⁸.

B. Especificidades bretoas

Neste contexto francés de non-recoñecemento das minorías, cales son as características que distinguen os bretóns?

1. *Uns cimentos non étnicos*

O pobo bretón, de cuxa existencia hai probas desde o século IV antes de Cristo, vivía noutrora na illa de Bretaña (a actual Gran Bretaña), sen deixar de estar ligado, polo idioma, os costumes, a relixión e o comercio, aos habitantes da Armórica (a actual Bretaña)¹⁹. Ademais de se produciren diversos fenómenos migratorios recí-

¹⁵ O artigo 27 estipula: «Nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas, non se lles negará ás persoas que pertencen ás devanditas minorías o dereito que lles corresponde, en común cos demais membros do seu grupo, a teren a súa propia vida cultural, a profesaren e practicaren a súa propia relixión e a empregaren o seu propio idioma».

¹⁶ «Nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas ou persoas de orixe indíxena, non se lle negará a un neno que pertenza a tales minorías ou que sexa indíxena o dereito que lle corresponde a ter a súa propia vida cultural, a profesar e practicar a súa propia relixión e a empregar o seu propio idioma en común cos demais membros do seu grupo.»

¹⁷ «Os Estados partes neste Pacto comprométense a garantir o exercicio dos dereitos que nel se enuncian, sen discriminación ningunha por motivos de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou doutra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición social.»

¹⁸ Consello Constitucional, resolución núm. 99-412 DC, do 15 de xuño de 1999.

¹⁹ «Na antigüidade, as dúas ribeiras da canle da Mancha participaban dunha mesma civilización. Este mar xa non era máis fenda que o Exeo» (Fleuriot 1980: 13).

procos, confirmados desde a protohistoria, o pobo bretón migrou ao continente en dúas vagas sucesivas. A primeira, no século IV da nosa era, foi militar e difusa: unha serie de tropas bretoas viñeron prestarlle auxilio a un Imperio Romano en declive e dispersáronse por todo o norte da Galia. Pola contra, a segunda, que tivo lugar a partir do século V, constituíu unha migración organizada de poboamento, que «pronto deu a impresión de ser unha marea» por se concentrar «nun espazo reducido», ao oeste da Armórica²⁰. Esta segunda vaga «receltizou» o territorio, onde as elites foran latinizadas, mentres que ao leste da península a lingua e a cultura romanas gozaron dun predominio duradeiro. Disto resultou que, cando se fundou o reino da Bretaña, no ano 851²¹, xa era bilingüe e bicultural, nun dualismo á vez espacial (cultura céltica no oeste e romana no leste) e social (pois as elites elixiron moi pronto o latín e a seguir, máis adiante, o francés) que é unha característica constante da Bretaña desde a súa creación. Polo tanto, os bretóns non están unidos por fundamento «étnico» ningún nin pola súa comunión arredor dunha lingua única²². Mais, se non é a etnicidade, que é o que une os bretóns, logo?

2. *A vontade de compartir un destino común*

Constátase que o apego á Bretaña é igual de vivo a un e outro lado do límite lingüístico²³ que separa o leste e o oeste da península e así o establecín a partir da década de 1990 mediante unha serie de entrevistas semidirixidas²⁴ e, máis adiante, durante dúas sondaxes sucesivas²⁵. Os bretóns comparten unha mesma inclinación polo seu territorio e a súa sociedade, así como unha mesma vontade de viviren un destino común, con independencia das fronteiras da península: culturais e incluso administrativas. Como escribiu o ensaísta Morvan Lebesque, en efecto, «*A Bretaña*

²⁰ *Ibíd.*, 207.

²¹ O reino da Bretaña foi fundado en setembro do ano 851 despois de as tropas bretoas derrotaren o exército do emperador franco Carlos o Calvo en Jengland o 21 e 22 de agosto do mesmo ano.

²² En cambio, a lingua bretoa desempeña un forte papel simbólico entre o conxunto da poboación da Bretaña (máis alá mesmo dos seus falantes e das zonas onde se practica tradicionalmente), o cal non é o caso do galó, o dialecto romance falado no leste da rexión. Máis aínda, unha fracción do movemento bretón, tentada de se opoñer ao modelo nacional(ista) francés reproducíndoo, quixo facer desta lingua bretoa o núcleo da identidade.

²³ Este límite é, na actualidade, máis etnocultural que lingüístico, na medida en que a totalidade da poboación bretoa se expresa agora en francés. *Cf.* Diaz (2018).

²⁴ Le Coadic (1998: 319-322).

²⁵ Le Coadic, Ouest-France e TMO (2003), BCD e TMO (2013).

non ten papeis. Existe só na medida en que, en cada xeración, haxa homes que se recoñezan bretóns»²⁶. Este territorio, anexionado a Francia en 1532, conservou inicialmente os seus antigos límites territoriais e unha relativa autonomía, fiscal en particular, e mantivo os seus «estados», é dicir, unha asemblea representativa das tres ordes (o clero, a nobreza e o terceiro estado) ata 1789. Con posterioridade, durante a Revolución Francesa, perdeu toda existencia legal e foi dividida en cinco departamentos. Máis adiante, cando en 1956 o Goberno francés decidiu crear unhas «rexións de programa», instituíu unha rexión administrativa denominada Bretaña, pero que só comprendía catro departamentos, pois, en efecto, xuntou o departamento do Loira Atlántico (onde se atopa a antiga capital bretoa, Nantes) a outra rexión. Desde entón, esta partición xeográfica mantivérona en todo momento os sucesivos Gobernos, polo que Nantes e o Loira Atlántico xa non forman parte oficialmente da Bretaña. Porén, segundo numerosas sondaxes, parece que os bretóns queren, por maioría, seguir a compartir un destino común, malia os obstáculos administrativos²⁷. Pódese tentar elucidar as súas motivacións?

3. *Unha cultura social*

O apego dos bretóns á Bretaña ten que ver, en parte, co afecto que lles demostran ás paisaxes que os rodean²⁸ e, en parte, coa quenenza que lle teñen á súa cultura social. Non se trata tan só do que habitualmente se denomina «cultura bretoa» en sentido estrito (língua, música, baile, gastronomía, arquitectura etc.), senón «dunha cultura que lles ofrece aos seus membros uns modos de vida, portadores de sentido, que modulan o conxunto das actividades humanas, no plano da sociedade, do ensino, da relixión, do lecer e da vida económica, nas esferas pública e privada»²⁹. Trátase, en suma, dunha forma de vida en sociedade que, certamente, é delicada de definir, pero que non por iso constitúe unha mera ilusión. Disto xa mostrara eu algúns indicios hai arredor de vinte anos: un sentimento de alegría de vivir ratificado con regularidade (particularmente nas sondaxes³⁰); constata-

²⁶ Lebesque (1970: 18).

²⁷ Cf. Construire la Bretagne (s. d.).

²⁸ Le Coadic (1998: 65-69).

²⁹ Kymlicka (2001: 115).

³⁰ Segundo a sondaxe máis recente (que eu teña coñecemento), os bretóns son, de todo o territorio francés, os que mellor se senten onde viven (Ipsos e Crédit Mutuel de Bretagne 2012: 1-38).

ción de diversas formas de solidariedade (solidariedade familiar, densidade do tecido cooperativo, mutualismo, dinamismo asociativo, solidariedades políticas puntuais); relativa densidade do tecido social (cunha malla de cidades de tamaño medio no marco dun espazo máis rural que a media francesa); fraqueza relativa do voto á extrema dereita; mantemento duns valores cohesivos probablemente xurdidos da relixión (traballo, vontade, honradez, fidelidade na amizade etc.) e, por último, unha cultura de resistencia activa e innovadora³¹. Desde entón, nun contexto francés e internacional que se foi deteriorando, a Bretaña viuse golpeada por unha serie de plans sociais e coñeceu ventos de revolta³²; con todo, malia as dificultades con que se topa, a súa cultura social mantense e evoluciona, segundo o instituto de sondaxes Ipsos:

Se ben a preponderancia que se lle concede ao vínculo humano segue vixente hoxe en día no conxunto do territorio francés, algunhas rexións van máis adiantadas que outras; tal é o caso da Bretaña, onde os vencellos de proximidade entre os habitantes son particularmente fortes. Esta rexión preséntase como *laboratorio de experimentación*³³ de novos tipos de solidariedade social: a axuda ás persoas que se atopan nunha situación desfavorecida, o uso compartido do automóbil, a compra en cooperativas agrícolas e mesmo o intercambio de servizos entre veciños son varios exemplos disto³⁴.

Que sitio lles fai esta cultura social bretoa ás persoas que proceden doutros horizontes culturais?

II. QUE REPRESENTACIÓNS DA ALTERIDADE?

A nosa época está marcada por unha verdadeira crise de civilización de dimensións e implicacións múltiples e imbricadas: á vez tecnolóxicas, financeiras, económicas, sociais, políticas, militares, humanitarias, ambientais, morais e espirituais. Neste contexto de inxuedanza e incerteza, o vello reflexo de buscar bodes

³¹ Le Coadic (1998: 386-417).

³² Baguevard, Charles, Pérez e Thouément (2013), Cornette (2016), Le Coadic (2014: 136-165).

³³ Fragmento destacado polos autores.

³⁴ Nguyen (2012).

expiatorios é tanto máis susceptible de ser reavivado canto que existen partidos políticos que situaron a loita contra a inmigración no núcleo do seu programa; en particular, en Francia, a Fronte Nacional, parte de cuxos argumentos asumiron varios partidos. E que ocorre na Bretaña? A cultura bretoa parece máis inclusiva ou máis exclusiva con respecto ao Outro?

A. Demasiados estranxeiros?

Un dos indicadores empregados para cuantificar a xenofobia³⁵ nun país vén dado polas respostas que achegan os habitantes á pregunta «Pensa vostede que na actualidade hai demasiados estranxeiros (ou inmigrantes³⁶) no seu país?». Desde hai anos sódase a opinión da poboación francesa ao respecto.

1. O contraste

En Francia, segundo o instituto de sondaxes BVA, o 41 % da poboación consideraba no ano 2003 que nesos momentos había «demasiados estranxeiros no país»³⁷; ora ben, só o 24,6 % dos bretóns respondían ese mesmo ano que había «demasiados estranxeiros na Bretaña» (Le Coadic, Ouest-France e TMO 2003)³⁸; noutras palabras, 16,4 puntos porcentuais menos que a media francesa. A diferenza é aínda máis rechamante en 2013: o 70 % da poboación francesa consideraba entón que había «demasiados estranxeiros no país» (Ipsos 2013), fronte a tan só o 21 % da poboación bretoa, que xulgaba que había «demasiados estranxeiros (non

³⁵ A xenofobia, segundo nos recorda Véronique de Rudder, «designa, en toda etimoloxía, a hostilidade cara a quen é estranxeiro, ou cara a quen procede do estranxeiro» (Simon e De Rudder 1990: 12).

³⁶ A comezos da década do 2000, os institutos de sondaxe preguntábanlles ás persoas entrevistadas se, segundo elas, había «demasiados estranxeiros» en Francia; agora a pregunta é se hai «demasiados inmigrantes». Lembremos, non obstante, que as poboacións estranxeira e inmigrante non se confunden de todo: un inmigrante non é por necesidade estranxeiro e, á inversa, hai estranxeiros que naceron en Francia (menores, esencialmente). A calidade de estranxeiro pode perderse mediante a adquisición da nacionalidade, mentres que a de inmigrante é permanente: un individuo segue a pertencer á poboación inmigrante mesmo se se fai francés por medio da nacionalización. É o país de nacemento, e non a nacionalidade de nacemento, o que define a orixe xeográfica dun inmigrante.

³⁷ BVA (2003).

³⁸ Sondaxe efectuada na Bretaña histórica (a de cinco departamentos, e non a rexión administrativa de catro) a unha mostra representativa de 1300 persoas de 18 anos de idade en diante, entrevistadas por teléfono durante a última semana de maio de 2003 pola empresa TMO.

franceses) na Bretaña»³⁹ (BCD e TMO 2013)⁴⁰; é dicir, 49 puntos menos que a media francesa. O contraste é clamoroso.




Figura 1: Proporción de persoas que declaran, en 2002 e 2013, que hai «demasiados estranxeiros/inmigrantes» en Francia ou na Bretaña⁴¹

De certo, poderase obxectar que, se a resposta bretoa é tan moderada, será que a poboación de persoas de orixe estranxeira que viven na Bretaña é claramente inferior á do conxunto de Francia. En efecto, é correcta a afirmación de que nesa rexión residan poucos inmigrantes: no ano 1999 só representaban o 1,7 % da poboación do territorio⁴², fronte a unha media francesa do 7,3 %, e o 2,7 % en 2009, fronte a un 8,5 % de media en Francia. Non obstante, a súa proporción na poboación bretoa experimenta un aumento regular desde hai aproximadamente corenta anos, ata o punto de que se cuadruplicou entre o censo de 1962 e o de 1999. Ademais, este argumento da presenza estranxeira repousa sobre o presuposto de que a xenofobia se incrementa a medida que crece

³⁹ A precisión «non franceses» introduciuse no ano 2013 a fin de evitar nesgos relativos á palabra «estranxeiro».

⁴⁰ Sondaxe efectuada na Bretaña histórica a unha mostra representativa de 1003 persoas de 18 anos de idade en diante, entrevistadas por teléfono entre o 9 e o 17 de decembro de 2013 pola empresa TMO.

⁴¹ Fontes: Zappi (2003), Brouard e Tiberj (2007), Mayer (2007), Laurent (2013), Ipsos (s. d.).

⁴² Rexión administrativa de catro departamentos, sen incluír o Loira Atlántico.

a proporción de estranxeiros na poboación, cando a realidade é —felizmente— máis sutil: «[A] coincidencia das xeografías da violencia, da inmigración e do voto á FN segue a ser aproximativa», recorda, en efecto, Hervé Le Bras. «Verifícase máis nas grandes zonas urbanas que na súa periferia, menos poboada. Non se pode excluír a influencia da densidade demográfica ou da estrutura dos núcleos de poboación⁴³.» Alén disto, a escala local, as persoas que se ven máis tentadas de afirmar que hai «demasiados estranxeiros» adoitan habitar nas comunas onde menos existen⁴⁴.

Polo tanto, a xenofobia⁴⁵ parece moito menos acusada na Bretaña que no conxunto de Francia, o que resulta coherente con outros índices⁴⁶ e, sobre todo, coa inferioridade crónica dos resultados electorais da Fronte Nacional nesa rexión en comparación coa media francesa⁴⁷. O cal nos leva á cuestión do nacionalismo.

2. Hostilidade cara aos estranxeiros e índices de nacionalismo

Dúas sondaxes realizadas pola miña iniciativa⁴⁸ fixeron aparecer, con dez anos de intervalo, unha correlación positiva entre a xenofobia e a emoción que se sente ao oír *A Marsellesa*.

⁴³ Le Bras (1995: 391).

⁴⁴ Commission nationale consultative des droits de l'homme (2019).

⁴⁵ Polo menos, tal como pode calcularse de maneira aproximada coa resposta á pregunta «Pensa vostede que na actualidade hai demasiados estranxeiros no seu país (ou na súa rexión)?».

⁴⁶ Así, por exemplo, o que revelaba a propósito da palabra *estranxeiro* o estudo de semiometría levado a cabo por Sofres en 1991 sobre os valores dos franceses. O termo, presentado nunha lista de dúscentas dez palabras non consensuadas e semanticamente estables a unha mostra de vinte mil persoas, ás cales se lles pedía que asignasen a cada palabra unha nota que ía de -3 (moi desagradable) a +3 (moi agradable), fora xulgado como «agradable» pola maioría dos bretóns e como «desagradable» pola maioría dos seus concidadáns (Sofres 1991). Información fornecida por Yann Battard, responsable de estudos do departamento de semiometría de Sofres, 11 de setembro de 1995. En datas moito máis recentes, unha sondaxe realizada en agosto de 2010 sobre o apoio dos franceses ás medidas de loita contra a inseguridade mostra que son os habitantes do «oeste» (a Bretaña non queda illada con claridade) os menos favorables á «retirada da nacionalidade francesa aos cidadáns de orixe estranxeira culpables de poligamia ou de incitación á ablación» (Ifop 2010).

⁴⁷ Así, nas eleccións rexionais de 2015, a Fronte Nacional obtivo o 27,10 % dos votos na Francia metropolitana, fronte a tan só o 18,87 % na Bretaña (rexión administrativa). Sobre a debilidade do voto á FN no territorio bretón, véxanse os traballos de Jean-Luc Richard (Richard 1999).

⁴⁸ Le Coadic, Ouest-France e TMO (2003), BCD e TMO (2013).




Figura 2: Cruzamento das declaracións «Na actualidade hai demasiados estranxeiros na Bretaña» e do sentimento que inspira *A Marsellesa*

Canto máis emocionados se declaran os entrevistados ante *A Marsellesa*, máis tendencia teñen a responder que hai «demasiados estranxeiros (non franceses) na Bretaña». Abofé, o nacionalismo francés é máis amplo que a simple vertente afectiva do sentimento de pertenza ao grupo-nación tal como o revela o apego ao himno nacional; comprende igualmente, segundo amosaron os politólogos Michelat e Thomas, o «sentimento de superioridade de Francia» e o «nacionalismo ideolóxico», ligado á noción de soberanía nacional (Michelat e Thomas 1966: 113-124). Con todo, podería ser que descubrísemos aí unha relación positiva entre unha das facetas do nacionalismo francés —o sentimento de pertenza ao grupo nacional— e a xenofobia.

Do mesmo modo, tentei cuantificar a relación existente entre a xenofobia e o que máis podía achegarse ao nacionalismo bretón, para o cal establecín en 2003 unha correlación entre a resposta «Hai demasiados estranxeiros (non franceses) na Bretaña» e a etiqueta «rexionalista»⁴⁹, e posteriormente, en 2013, a

⁴⁹ En 2003, o 49,6 % das persoas obxecto de sondaxe que se clasificaban como «rexionalistas» dicíanse favorables á independencia da Bretaña, o 28,8 % á autonomía e o 21,6 % eran rexionalistas no sentido propio do termo.

de «UDB»⁵⁰. Esta vez, a relación que atopei coa xenofobia resultou negativa; así, en 2003 só o 14,8 % dos «rexionalistas» consideran que hai «demasiados estranxeiros na Bretaña», cifra inferior á media bretoa, e en 2013 a proporción cae ao 0,0 % entre os simpatizantes da Unión Democrática Bretoa. O conxunto da información precedente sintetízase na gráfica que vai a seguir.




Figura 3: Gradación do sentimento segundo o cal hai «demasiados estranxeiros/inmigrantes na actualidade»

A figura 3 revela que, tanto en 2003 como en 2013, o sentimento de que hai demasiados estranxeiros se atopa en alto grao no seo da poboación francesa, é máis reducido entre os bretóns que se emocionan con *A Marseillesa*, resulta aínda menor na media da poboación bretoa e se acha no seu nivel máis baixo entre os simpatizantes «rexionalistas» ou autonomistas.

Tales cifras deben tomarse con precaución por dous motivos. En primeiro lugar, sempre é delicado tirar conclusións de sondaxes diferentes; aínda que sabemos, por medio de Ipsos, que o 70 % dos franceses consideraban no ano 2013 que neses momentos había «demasiados estranxeiros en Francia» e, por medio de

⁵⁰ A opción «rexionalista» xa non viña proposta polo instituto de sondaxes no ano 2013. A UDB, Unión Democrática Bretoa (Union démocratique bretonne), é un partido autonomista de esquerdas.

TMO, que só o 23,2 % dos bretóns pensaban ese mesmo ano que había «demasiados estranxeiros (non franceses) na Bretaña», nada impide imaxinar que unha proporción importante dos bretóns xulgase que había «demasiados estranxeiros» en Francia, mais que non era así na Bretaña... En segundo lugar, preséntase a cuestión da inferencia causal, pois, en efecto, a sondaxe de TMO revela unha relación moi significativa entre a idade dos entrevistados, o seu nivel educativo e o sentimento que lles inspira *A Marsellesa*: así, as persoas de máis idade e as de menor nivel de formación (feitos que van ligados) son as que máis se emocionan co himno nacional francés. Que conclusión pode tirarse? Non será que en realidade non hai vínculo ningún entre *A Marsellesa* e a xenofobia porque esta última talvez garde correlación exclusivamente coa idade e co nivel formativo? Ou ben pode suceder que as distintas variables mencionadas (idade, nivel educativo e emoción suscitada polo himno nacional francés) concorren e se dan de maneira conxunta coas variacións do sentimento de que hai «demasiados estranxeiros»? Resulta difícil responder con certeza e seguramente unhas entrevistas pormenorizadas permitirían saber máis sobre a cuestión. Examinemos agora outro tema motivo de fractura: o lugar dos musulmáns na sociedade.

B. Lugar dos musulmáns na sociedade

«Sempre houbo, e aínda hai, un *prexuízo contra o islam* moi estendido entre os pobos de civilización occidental e cristiá», escribiu Alain Quellien xa en 1910. «Para algúns —engadía—, o musulmán é o inimigo natural e irreconciliable do cristián e do europeo⁵¹.» As prevencións que existen con respecto ao islam non datan, xa que logo, do 11 de setembro de 2001 e mesmo parecen inscribirse, máis ben, no longo prazo histórico, segundo apunta Houda Asal:

Entre o orientalismo medieval, impregnado de loitas relixiosas entre cristiandade e islam; o período da Ilustración, co seu rexeitamento da relixión musulmá por irracional e atrasada, ou o tempo colonial, que moldea a imaxe que se ten dos musulmáns en Francia, a análise histórica resulta ineludible⁵².

⁵¹ Quellien (1910: 133).

⁵² Asal (2014: 13).

En Francia efectúanse con regularidade unhas sondaxes que nos permiten avaliar a situación e nas que, en efecto, se formula a pregunta da «compatibilidade» das diferentes relixións cos «valores da sociedade francesa». No ano 2013 foron case tres cuartos dos franceses os que declararon que o islam «non é compatible» con eses valores⁵³, mentres que só o 26 % consideraban que o era, dos cales o 22 % afirmaban que «bastante» e o 4 % que «totalmente»⁵⁴. Trátase de cifras moi baixas.

Ora ben, a Bretaña é unha das rexións onde o catolicismo conserva o seu maior ascendente, cun 67 % de persoas que se declaran católicas, o que representa catro puntos máis que a media francesa⁵⁵, e por isto cabe esperar que o rexeitamento do islam sexa máis forte alí que noutros lugares. Porén, non é así. En efecto, á pregunta, formulada o mesmo ano, de se se pode ser «á vez bretón e musulmán», o 60 % dos bretóns responden positivamente, o 30 % negativamente e o 10 % non se pronuncian; entre os primeiros, o 46 % din que «sen dúbida» se pode ser bretón e musulmán e o 14 % que «en bastante medida»⁵⁶. Estas cifras recapitúlanse na figura 4, que vai a continuación.




Figura 4: Taxa de respostas favorables dadas na Bretaña e no conxunto de Francia ás sondaxes de 2013 sobre a compatibilidade da relixión musulmá cos valores da sociedade

⁵³ O 74 %, exactamente.

⁵⁴ Ipsos (2013).

⁵⁵ Tranvouez (2014: 24).

⁵⁶ BCD e TMO (2013).

A figura 4 subliña o contraste que existe entre o 60 % dos bretóns que consideran que «se pode ser bretón e musulmán» e o mero 26 % dos franceses que xulgan que a relixión musulmá é «compatible cos valores da sociedade francesa», ademais de poñer de manifesto, con claridade, a desproporción que se dá entre os que están «totalmente» convencidos da «compatibilidade» do islam no seo da poboación francesa (4 %), por unha parte, e na Bretaña (46 %), pola outra.

Se as prevencións con respecto ao islam son moito máis fortes no conxunto de Francia que na Bretaña, onde, no entanto, a relixión católica segue a ter un pouco máis de influencia, trátase sen dúbida de que a integración relixiosa non constitúe unha variable explicativa do rexeitamento daqueloutra relixión. Talvez hai que buscar esas variables, as que explican o que denominamos hoxe islamofobia⁵⁷, máis ben pola banda do período colonial, da guerra de Alxeria e da historia da inmigración? Este último tema, a inmigración, lévanos a presentar agora a cuestión das modalidades de integración na Bretaña.

III. QUE INTEGRACIÓN?

Por «integración» entendo aquí as modalidades de inserción na Bretaña de todas as persoas doutra orixe xeográfica, xa se trate de franceses procedentes doutras rexións, xa de inmigrantes. Que se sabe de como se integran na Bretaña? Dispoñemos dalgunhas entrevistas sobre a materia.

A. Entrevistas e testemuños

1. *Entrevistas con diversos intelectuais*

En primeiro lugar, na década de 1990 compilei diversos testemuños verbo da pregunta «quen é bretón» entre intelectuais e voceiros da Bretaña: académicos, políticos, cantantes etc.⁵⁸. De aí saíu á luz que para eles ser bretón «é algo interior e, por tanto, non se trata dunha cuestión de cor de pel!» (Alan Stivell⁵⁹); que «a

⁵⁷ Asal (2014).

⁵⁸ Le Coadic (1998: 376-381).

⁵⁹ Alan Stivell (1944) é un autor-compositor-intérprete e músico militante a prol do recoñecemento cultural, lingüístico e político da Bretaña.

bretonidade pode ser unha escolla» (Glenmor⁶⁰); que, para ser bretón, «o máis importante [é] compartir un destino común» (Ronan Leprohon⁶¹) e que é bretón «quen se afirma bretón» (Yves Le Gallo⁶²) ou «quen se di bretón» (Yann-Ber Piriou⁶³). Un dos entrevistados atopou unha fórmula fermosa:

RLC: Daquela, un pode facerse bretón?

*Loeiz Laurent*⁶⁴: Ah, para min pódese, si.

RLC: Non é nin o dereito de sangue nin o de solo?

Loeiz Laurent: É o dereito do corazón!

Esta expresión de «dereito do corazón» resume un sentimento amplamente compartido: se un pode, xaora, ser bretón polo lugar de nacemento ou polas orixes familiares, tamén pode facerse bretón. O vínculo coa Bretaña refírese, antes de máis, a unha «profunda simpatía» pola poboación ou polo territorio, ou, noutras palabras, a unha verdadeira historia de amor.

Ronan Leprohon: Cando vén alguén á Bretaña por traballo ou pola súa profesión —eu contrato no meu servizo a non-bretóns que están pasando a selo—, nalgúns casos podo tomarlle a medida a esa «enfermidade» que se estende por eles! A esa bretonidade que se estende. Por que? Ben, porque descubro tal atención á xente, á cultura e ás paisaxes que digo para min: «Pero ese está namorando!». Son historias de amor, esas cousas! E cando ademais o tío traballa contigo, participa na aventura, comparte os teus valores e despois, un bo día, cando ti xa prevés que ao final o vai mandar todo ao carallo e vai marchar traballar a Marsella, che responde: «Non, nin de broma!», xa entendes a causa: un bretón máis!

⁶⁰ Glenmor (1931-1996) foi un autor-compositor-intérprete, escritor e poeta comprometido coa defensa da identidade bretoa.

⁶¹ Ronan Leprohon (1939) é un académico e político bretón, cofundador e antigo dirixente da Unión Democrática Bretoa (UDB), partido autonomista de esquerdas.

⁶² Yves Le Gallo (1920-2007), sobranceiro académico, estivo na orixe da creación da Université de Bretagne Occidentale, así como do Centre de recherche bretonne et celtique (CRBC).

⁶³ Yann-Ber Piriou (1937) é un poeta, escritor e académico comprometido, membro da UDB.

⁶⁴ Loeiz Laurent (1934-2015), biólogo e físico de formación, así como técnico estatístico, era director rexional do Insee cando eu o coñecín.

Esta análise, de gran difusión entre os intelectuais bretóns, é propia deles ou parece ser compartida polo conxunto da poboación?

2. *Entrevistas cunha mostra da poboación*

As entrevistas que levei a cabo, na mesma época, entre unha mostra de agricultores, mariños pescadores e empresarios poñen de manifesto o mesmo extremo con outras palabras: un pode facerse bretón se lles quere á Bretaña, ás súas paisaxes ou aos seus habitantes. As persoas ás que se lles preguntou pola cuestión de «quen é bretón» xeralmente empezaban referíndose, de maneira bastante clásica, á ascendencia ou ao lugar de nacemento, e a continuación recapacitaban e explicaban que un pode facerse bretón, e dando exemplos concretos. Velaquí algúns. Tanguy⁶⁵ cita, con pracer e abraio, todas aquelas persoas doutra orixe que, segundo el, se reivindicaban bretoas: «Ah, si, pero é que eu son bretón! Adquirín o temperamento bretón!». Pierre⁶⁶ menciona o caso dun obreiro alxeriano: «É de orixe alxeriana, mesmo era alxeriano no momento da marcha, creo, así que se naturalizou francés despois, pero é bretón! Fixo deste país o seu e con iso abonda». Philippe⁶⁷ dá un exemplo de familia: «A nai dunha nora miña é *pied-noir* e viuse obrigada a marchar de Alxeria en 1962, e o pai é alsaciano [...]. Penso que a miña nora é máis bretoa ca min». Non fala de «dereito do corazón» como Loeiz Laurent, pero coída que «un é bretón porque teña corazón bretón»⁶⁸.

A idea do «dereito do corazón» que sacan á luz as entrevistas (e que entra, por suposto, no dominio da pura metáfora) revela unha concepción inclusiva da identidade bretoa: aos ollos dos bretóns consultados, o máis importante non é a súa diferenza «étnica», senón a súa cultura social e a vontade de compartiren un destino común. Porén, estas entrevistas, por esclarecedoras que sexan, só abrangueron unhas cincuenta persoas e son de hai arredor de vinte anos. Contamos con información máis recente e, sobre todo, con datos cuantitativos sobre o tema?

⁶⁵ Tanguy, de 65 anos no momento da entrevista, era empresario en Saint-Quay-Portrieux.

⁶⁶ Pierre, de 46 anos no momento da entrevista, era agricultor en Paimpol.

⁶⁷ Philippe, de 54 anos no momento da entrevista, era empresario en Paimpol.

⁶⁸ Le Coadic (1998: 381-383).

B. Sondaxes

En 2003 e 2013, soliciteille ao instituto de sondaxes TMO que lles formulase a seguinte pregunta ás mostras representativas de bretóns que participaron nas súas enquisas:

A seguir van dúas frases que se oen de cando en vez. Vostede mesmo/a con cal está máis de acordo, persoalmente?

1. Para ser bretón hai que nacer na Bretaña ou ter pais bretóns.
2. Un pode facerse bretón se lles quere á Bretaña, ás súas paisaxes, aos seus habitantes ou á súa cultura.

Nas dúas ocasións púxose de manifesto que unha ampla maioría dos consultados considera que un pode facerse bretón: no ano 2003 respondía neste sentido o 67 %⁶⁹ e, no 2013, o 63 %⁷⁰. Polo tanto, confírmase de maneira xeneralizada a hipótese do «dereito do corazón» e nada permite reprocharlles aos bretóns que demostren un «repreghamento sobre si mesmos», «heterofobia», «comunitarismo» nin «racismo diferencialista», segundo a fraseoloxía contraria ás minorías que está en voga en Francia. Constátase, certamente, un retroceso de catro puntos en dez anos nas respostas favorables á integración; caberá poñelo en relación co contexto contemporáneo de aumento da intolerancia en Francia, en Europa e no mundo?

Así as cousas, nin as entrevistas que realicei nin as sondaxes das que asumín a iniciativa, por significativas que sexan (tomadas coas debidas precaucións, xa que se trata de interpretar as enquisas), nos informan de máis que das actitudes dos bretóns, pero que acontece co seu comportamento?

Dispoñemos de información de significación sobre como, en concreto, integra a poboación bretoa as persoas procedentes doutros lugares? A resposta é negativa, aínda que é certo que existen algúns datos dispersos e, neste sentido, eu mesmo compilei algúns testemuños de franceses vidos doutras rexións; por exemplo, este.

⁶⁹ Le Coadic, Ouest-France e TMO (2003).

⁷⁰ BCD e TMO (2013).

*Thomas*⁷¹: O que me sorprendera cando cheguei á Bretaña foi [que o bretón é] unha persoa que [cando] che di: «Ola» e «Que tal?», cando un non está afeito, dá case a impresión de que che está rifando! É que é moi seco!, moi rudo; pero eu adapteime moi ben e síntome moi ben na Bretaña, de feito. Nunca tiven a sensación de estar noutro sitio que non fose na miña casa⁷².

Aude Étrillard realizou unha tese sobre a migración británica na Bretaña interior na que mostra que os británicos teñen unha presenza alta e visible nestas zonas de baixa densidade demográfica e que iso pode levar a unha reconfiguración, máis ou menos profunda e conflitiva, do tecido económico, social e cultural desas comunas. A autora menciona, en especial, as interaccións entre migrantes británicos e a poboación de acollida nas comunas da comarca de Ploërmel, da Bretaña central e da comarca de Rohan e, máis precisamente, as representacións —é dicir, os estereotipos— do outro e das linguas presentes⁷³.

Chang Liu levou a cabo unha enquisa sobre os chineses que habitan na Bretaña, en particular en Brest, e nela amosa, especialmente, que «[a]os chineses entrevistados os locais [lles parecen] “simpáticos” e “sinceros”; consideran que as relacións con eles resultan máis “sinxelas” e “menos frías” que as que viviron noutros lugares e declaran non sentir rexeitamento por parte dos habitantes de Brest, actitude amigable á que conceden grande importancia»⁷⁴.

Porén, non existe aínda, que eu saiba, ningunha enquisa global realizada entre os inmigrantes sobre o que poderían constituír as especificidades da integración na Bretaña. En calquera caso, segundo Anne Morillon e Angéline Étiemble, especialistas en inmigración na Bretaña, a idea dunha «tradicón humanista, máis ou menos ancorada na experiencia migratoria dos bretóns e a súa vivencia do minoritario, que os leva a mostrarse “naturalmente” benévolo e acolledores co Outro», constitúe un «cuasipostulado» na Bretaña que debe matizarse: «[O]s estranxeiros, refuxiados ou traballadores —por retomarmos as dúas figuras clásicas do inmigrante moderno—, non foron acollidos sistematicamente cos brazos abertos». De todos os xeitos, engaden as autoras, «as ideas non deixan de exercer

⁷¹ Thomas, de 45 anos no momento da entrevista, era empresario en Binic.

⁷² Le Coadic (1998: 383-384).

⁷³ Étrillard (2015).

⁷⁴ Liu (2017: 346).

efecto sobre a realidade, como nos indica o “teorema de Thomas”⁷⁵. Para o futuro, parecería[lles] interesante analizar máis polo miúdo esta autopercepción dos bretóns e as súas manifestacións»⁷⁶.

CONCLUSIÓN

Lembremos, para concluír, os principais resultados que se desprenden do estudo.

1. Os bretóns non fundamentan a súa identidade colectiva na necesaria comunión arredor dunha lingua única nin sobre a valorización de ningunha diferenza étnica que tivese como obxectivo de facto a exclusión do Outro, senón sobre a súa cultura social e a vontade de compartir un destino común.
2. O rexeitamento do Outro —que adopta a figura do estranxeiro ou da relixión musulmá— está moito menos estendido na Bretaña que entre a poboación francesa no seu conxunto.
3. As representacións que teñen os bretóns da integración na sociedade bretoa son moi inclusivas e afectivas á vez e están baseadas na idea dunha emoción compartida.

Como hai que entender estas características? Supoño que poderían ser, en parte, froito da experiencia e das influencias vividas pola poboación bretoa. Deste modo, en primeiro lugar, a concepción non étnica da identidade bretoa non parece allea á teoría⁷⁷ francesa da nación; así mesmo, a apertura ao Outro semella concordar cos valores da cultura católica (na súa dimensión evanxélica e non institucional) e, finalmente, parece que a experiencia dunha situación minoritaria pode poñerse en relación con cada unha das características que acabo de describir (importancia da cultura social, apertura ao Outro e concepción inclu-

⁷⁵ O «teorema de Thomas», segundo a fórmula de Robert K. Merton, quen precisamente derivará de aí a súa «predición creadora» (*self-fulfilling prophecy*), postula que, «cando o home define como real unha situación, esta é real nas súas consecuencias». Pierre-Jean Simon (2002): *Histoire de la sociologie*, col. Quadrige, Paris, Presses universitaires de France, 615. [Nota das autoras.]

⁷⁶ Étiemble e Morillon (2017: 285-286).

⁷⁷ Falamos aquí, insistimos, da teoría, pois a práctica revelouose máis próxima á comunalización que á asociación, por retomarmos a terminoloxía weberiana.

siva e afectiva da identidade). Porén, non é que todas as minorías compartan mecanicamente as mesmas concepcións: os contextos e graos de minorización resultan tan diferentes uns doutros que é probable que as representacións sociais vehiculadas no seo das diversas minorías nacionais contrasten entre si en gran medida. Malia todo, pódese supoñer que a experiencia, consciente ou non, dunha situación minoritaria —porque, precisamente, pasa por unha forma ou outra de non-recoñecemento da alteridade do grupo minoritario no marco do Estado que o engloba— induce neste grupo unha sensibilidade particularmente viva á alteridade. Isto está por demostrar e, chegado o caso, por avaliar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ASAL, Houda (2014): «Islamophobie : la fabrique d'un nouveau concept. État des lieux de la recherche», *Sociologie*, 5:1, 13.
- BAGUENARD, Jacques / Erwann CHARLES / René PÉREZ / Hervé THOUÉMENT (2013): *L'automne des bonnets rouges : de la colère au renouveau*, prefacio de Emmanuel Todd, Brest, Éditions Dialogues.
- BARÈRE DE VIEUZAC, Bertrand (1794): *Rapport et projet de décret présentés au nom du comité de salut public, sur les idiomes étrangers, et l'enseignement de la langue française* (<http://www.axl.cefan.ulaval.ca/francophonie/barere-rapport.htm>) [última consulta: febreiro, 2017].
- BCD / TMO (2013): *Baromètre Bretagne Culture Diversité* (<http://bcdiv.org/les-resultats-du-sondage-bcd-en-ligne/>) [última consulta: febreiro, 2017].
- BROUARD, Sylvain / Vincent TIBERJ (2007): *Les tensions autour de l'immigration dans l'opinion : crispation et polarisation*, Centre de recherches politiques de Sciences Po (CEVIPOF) (http://www.cevipof.com/bpf/barometre/vague3/v3-synthese/SB_VT-rapport_BPF_V3.pdf) [última consulta: febreiro, 2017].
- BVA (2003): *Xénophobie, antisémitisme, racisme et anti-racisme en France* (<https://www.bva-group.com/sondages/xenophobie-antisemitisme-racisme-et-anti-racisme-en-france/>) [última consulta: febreiro, 2017].
- COMMISSION NATIONALE CONSULTATIVE DES DROITS DE L'HOMME (CNCDDH) (2019): *La lutte contre le racisme, l'antisémitisme et la xénophobie (année 2018)*, Paris, Direction de l'information legale et administrative (https://www.cncdh.fr/sites/default/files/23072019_version_corrige_rapport_racisme.pdf) [última consulta: abril, 2020].
- CONSTRUIRE LA BRETAGNE (s. d.): *Enquêtes d'opinion sur la réunification de la Bretagne* (<http://www.construirelabretagne.bzh/enquetes-sur-la-reunification-de-la-bretagne>) [última consulta: febreiro, 2017].
- CORNETTE, Joël (2005a): *Histoire de la Bretagne et des Bretons*, t. 1: *Des âges obscurs au règne de Louis XIV*, Paris, Seuil.
- CORNETTE, Joël (2005b): *Histoire de la Bretagne et des Bretons*, t. 2: *Des Lumières au XX^e siècle*, Paris, Seuil.
- CORNETTE, Joël (2016): *La Bretagne révoltée : de 1675 et de 2013 : colère rouge et concordance de temps*, Langres, La Manufacture.
- DE MONZIE, Anatole (1925): «Circulaire du 14 août 1925».
- DIAZ, Anne (2018): «*Gallos* » et «*Bretons* » : *représentations de l'Autre et mobilisation de la frontière linguistique dans les processus de construction identitaire : une approche anthropologique de la limite entre Haute et Basse-Bretagne*, tese de doutoramento baixo a dirección de Ronan Le Coadic e Philippe Pesteil, defendida o 5 de xullo de 2018, Rennes, Université Rennes 2.
- ÉTIEMBLE, Angéline / Anne MORILLON (2017): «Histoire de l'immigration en Bretagne», en Aurelie Épron / Ronan Le Coadic (dirs.), *Bretagne : migrations et identité*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes, 275-276.
- ÉTRILLARD, Aude (2015): *La migration britannique en Bretagne intérieure : une étude sociolinguistique critique des idéologies, des assignations et des stratégies interactionnelles*, tese de doutoramento, Rennes, Université Rennes 2.
- FLEURIOT, Léon (1980): *Les Origines de la Bretagne : l'émigration*, Paris, Payot.
- IFOP (2010): *Les jugements sur les mesures de lutte contre l'insécurité* (https://www.ifop.com/wp-content/uploads/2018/03/1226-1-study_file.pdf) [última consulta: febreiro, 2017].
- IPSOS (s. d.) (<http://www.ipsos.fr/>) [última consulta: febreiro, 2017].
- IPSOS / CRÉDIT MUTUEL DE BRETAGNE (2012): «Comment va la vie en Bretagne ?», Baromètre «La Vie d'ici», Ipsos / Crédit Mutuel Arkéa.

- IPSOS (2013): *Fractures françaises, vague 1*.
- KYMLICKA, Will (2001): *La Citoyenneté multiculturelle*, Paris, La Découverte.
- LAURENT, Samuel (2013): «Le racisme progresse-t-il en France ?», *Le Monde*, 13 novembre (https://www.lemonde.fr/politique/article/2013/11/13/le-racisme-progresse-t-il-en-france_3512902_823448.html) [última consulta: febreiro, 2017].
- LEBESQUE, Morvan (1970): *Comment peut-on être breton ? Essai sur la démocratie française*, Paris, Seuil.
- LE BRAS, Hervé (1995): *Les trois France*, Paris, Odile Jacob.
- LE COADIC, Ronan (1998): *L'identité bretonne*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes / Terre de Brume.
- LE COADIC, Ronan (2014): «Brittany's New 'Bonnets Rouges' and Their Critics», en Liam Anton Brannelly / Gregory Darwin / Patrick McCoy / Kathryn O'Neill (eds.), *Proceedings of the Harvard Celtic Colloquium*, 34, Cambridge, Harvard University Press, 136-165.
- LE COADIC, Ronan / OUEST-FRANCE / TMO (2003): *Enquête sur l'identité bretonne*, Rennes, TMO / Ouest-France.
- LE COUR GRANDMAISON, Olivier (2009): *La République impériale : politique et racisme d'État*, Paris, Fayard.
- LIU, Chang (2017): «De la "France romantique" à l'image de Brest : représentations chinoises», en Aurelie Épron / Ronan Le Coadic (dirs.), *Bretagne : migrations et identité*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes, 345-360.
- MAYER, Nonna (2007): «Comment Nicolas Sarkozy a rétréci l'électorat Le Pen», *Revue française de science politique*, 57:3, 429-445.
- MICHELAT, Guy / Jean-Pierre H. THOMAS (1966): *Dimensions du nationalisme : enquête par questionnaire*, Paris, Armand Colin.
- MICHELET, Jules (1946): *Le Peuple*, Paris, Lucien Refort.
- MONNIER, Jean-Jacques / Jean-Christophe CASSARD (dirs.) (2012): *Toute l'histoire de Bretagne : des origines à la fin du XX^e siècle*, Morlaix, Skol Vreizh.
- NGUYEN, Thibaut (2012): *Les Français redécouvrent les bienfaits du local*, Ipsos (<http://www.ipsos.fr/decrypter-societe/2012-02-22-francais-redecouvrent-bienfaits-local>) [última consulta: febreiro, 2017].
- NICOLET, Claude (1995): *L'idée républicaine en France (1789-1924) : essai d'histoire critique*, Paris, Gallimard.
- PALLE, Étienne (2015): *Retour aux fondamentaux : pour une République civique (manuel à l'usage du citoyen)*, vol. 1, Lyon, Baudelaire.
- QUELLIEN, Alain (1910): *La Politique musulmane dans l'Afrique occidentale française*, Paris, E. Larose.
- RENAN, Ernest (1992): *Qu'est-ce qu'une nation ?*, Paris, Le Mot et le Reste.
- RICHARD, Jean-Luc (1999): *Le Front national en Bretagne occidentale : sociologie politique et géographie locale du vote FN*, Les Cahiers du CEVIPOF, 25, Paris, FNSP / CNRS.
- SIEYÈS, Emmanuel-Joseph (2009): *Qu'est-ce que le Tiers-État ?*, col. Champs, Paris, Flammarion.
- SIMON, Pierre-Jean / Véronique DE RUDDER (1990): «Questions de vocabulaire : ethnocentrisme, xénophobie», *Migrants-Formation*, mars, 80, 6-16.
- TAYLOR, Charles (1999): *Multiculturalisme : différence et démocratie*, Paris, Flammarion.
- TRANVOUEZ, Yvon (dir.) (2014): *Religion[s] en Bretagne aujourd'hui*, Brest / Vannes, Centre de recherche bretonne et celtique / Université de Bretagne Occidentale / Institut Culturel de Bretagne.
- WEBER, Eugene (1983): *La Fin des terroirs*, Paris, Fayard.
- ZAPPI, Sylvia (2003): «2002 : le racisme progresse en France, les actes antisémites se multiplient», *Le Monde*, 28 mars (https://www.lemonde.fr/societe/article/2003/03/28/2002-le-racisme-progresse-en-france-les-actes-antisemites-se-multiplient_314637_3224.html) [última consulta: febreiro, 2017].